



Área / Unidad CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL OSR	Documento AD11AI017O	
Código de verificación  5H4W 532Q 0F4E 2Z3S 0463	Expediente AD1/2026/63	
	Fecha 05-08-2026	

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A AXENCIA ESPAÑOLA DE SUPERVISIÓN DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA A CONCESIÓN DIRECTA DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2026, DESTINADA AO CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS CO MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA POLO ESTABLECEMENTO DA AESIA NA CIDADE

A Coruña, a XX de XX de 2026

REUNIDAS

Dunha parte, **D^a. INÉS REY GARCÍA**, alcaldesa do Concello da Coruña, elixida para o devandito cargo no [pleno constitutivo celebrado o 17 de xuño de 2023](#), que actúa en nome e representación desta Administración municipal, con CIF P1503000J, consonte co que dispoñen os artigos 61 da [Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia](#) (en diante, LALG) e 124 da [Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local](#) (en diante, LBRL); asistida da oficial maior, D^a. María Esther Álvarez Martínez, quen da fe do acto, en virtude das funcións de fe pública que lle corresponden consonte co apartado d) da disposición adicional oitava da mesma Lei.

En diante, “Concello”.

Doutra parte, **D^a. MARÍA GONZÁLEZ VERACRUZ**, secretaria de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, nomeada por Real Decreto 984/2024, do 24 de setembro de 2024 ([BOE número 232, do 25 de setembro de 2024](#)), en calidade de presidenta da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, consonte ao establecido no [Real Decreto 729/2023, do 22 de agosto, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial](#).

En diante, “a AESIA”.

Ámbalas partes interveñen en uso das facultades que, consonte coa normativa vixente, lles confiren os cargos que desenvolven e recoñécense mutuamente capacidade para a sinatura do presente convenio e, a tal efecto



MANIFESTAN

Que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove o desenvolvemento económico, social e cultural da comunidade a través da acción social e o fomento de actividades e funcións públicas.

Que a [Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións](#) (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se establecesen.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Esta mesma previsión recóllese no artigo 2 da [Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia](#) (LSG) e na recente [Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos](#), aprobada na sesión plenaria celebrada o 6 de xuño de 2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 157 do 16 de agosto de 2024.

Que a AESIA é unha entidade de dereito público regulada nos artigos 108 bis a 108 sexies da [Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público](#), adscrita ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, a través da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial.

Que a [Orde PCM/1203/2022, do 5 de decembro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 5 de decembro de 2022, polo que se determina a sede física da futura Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial](#) indica no seu apartado de "valoración xeral" que "Adicionalmente, A Coruña ofrece unha gran cantidade de compromisos, axudas e facilidades no ámbito familiar, de atención sanitaria, vivenda, educativa ou cultural que facilita unha integración e reagrupamento familiar na localidade", de acordo co previsto no artigo 6.5.c) do [Real decreto 209/2022, do 22 de marzo, polo que se establece o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e créase a Comisión consultiva para a determinación das sedes](#).



A memoria da candidatura ("Candidatura de Galicia para acoller a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, A Coruña cidade intelixente", en diante a candidatura) detalla os compromisos do CONCELLO para a determinación da sede física da AESIA na Coruña: a creación dunha oficina municipal de benvida, así como diversas axudas e facilidades no ámbito familiar, de atención sanitaria, vivenda, educativa ou cultural que facilita unha integración e reagrupamento familiar na localidade.

En consecuencia, **o orzamento municipal para este ano 2026 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor da AESIA por un importe de 10.000,00 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 20.922.48950, coa finalidade de financiar a actividade "Cumprimento dos compromisos adquiridos co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública) polo establecemento da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial".**

Que o 18 de xuño de 2024, subscribiuse un convenio interadministrativo entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, a Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial e o Concello da Coruña para a regulación dos compromisos adquiridos no procedemento de determinación da sede da AESIA (en diante, o convenio marco) co obxecto de institucionalizar os compromisos adquiridos polo Concello da Coruña na determinación da sede física da AESIA.

No convenio marco o Concello da Coruña reafírmase no cumprimento de todos os compromisos adquiridos na candidatura presentada e establece que, "para tal efecto subscribirá anualmente un convenio nominativo a favor da AESIA que recolla a contía anual necesaria para atender o gasto derivado do ofrecemento ás persoas desprazadas pertencentes a AESIA" (cláusula terceira).

Que a LXS dispón no seu artigo 22.2 que se poderán conceder de forma directa as subvencións que se recollen nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións e no seu artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións. Estas previsións recóllense tamén no artigo 31 da nova ordenanza municipal.

Que podéndose iniciar o procedemento de concesión tanto de oficio como por petición da entidade interesada, a AESIA, atendendo ao requirimento municipal, presentou con data 19.06.2026 a documentación necesaria para a subscrición do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que exigen a LXS e a Ordenanza municipal, o concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local (acordo do 04.07.2024, publicado no [BOP número 129 do 05.07.2024](#)), e de acordo co artigo 127.1.g) da LRBRL, resolveu o día **XX.XX.2026** autorizar o gasto en favor da AESIA, en concepto de subvención



directa para o cumprimento dos compromisos adquiridos co Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (actualmente denominado Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública) polo establecemento da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, por importe de 10.000,00 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 20.922.48950 e subscribir o correspondente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o CONCELLO e a AESIA co fin de contribuír á atención dos gastos derivados do ofrecemento a favor do persoal desprazado da AESIA e os seus familiares durante o ano 2026, en cumprimento dos compromisos adquiridos co Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública polo establecemento da AESIA na cidade da Coruña.

No anexo I deste convenio recóllese a relación de actividades e gastos financiáveis, coincidentes coa memoria da candidatura e co Acordo do Consello de Ministros do 5 de decembro de 2022, polo que se determina a sede física da futura Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

Este convenio financia os gastos obxecto de subvención desenvolvidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2026.

Segunda. Normativa reguladora

O convenio instrumenta a concesión dunha subvención directa, prevista con carácter nominativo nos orzamentos do Concello da Coruña para o exercicio 2026 en favor da AESIA, de acordo cos artigos 22.2 a) e 28.1 da LXS e o artigo 65 do seu regulamento de desenvolvemento, [aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo](#) (en diante, RLXS).

As cláusulas do convenio son as bases reguladoras da subvención.

A normativa reguladora das accións recollidas neste convenio de colaboración está conformada, ademais de pola LXS e o RLXS, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas](#); a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e a ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

Terceira. Contía e crédito orzamentario

A contía da subvención obxecto deste convenio ascende a DEZ MIL EUROS (10.000,00 €), que é



o importe total máximo do crédito orzamentario autorizado con cargo á partida 20.922.48950 do orzamento xeral municipal para o ano 2026 a favor da AESIA para o cumprimento dos compromisos adquiridos co Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública polo establecemento da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

Conforme o disposto no artigo 32 do RLXS, enténdese este crédito orzamentario como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será por conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento que resulte necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma.

Cuarta. Beneficiaria

A beneficiaria da subvención é AESIA, sen prexuízo de que este importe sexa destinado ás axudas ao persoal da citada axencia e aos seus familiares desprazados á cidade da Coruña con motivo do establecemento da devandita sede nesta cidade, conforme os compromisos adicionais adquiridos na candidatura.

Quinta. Obrigas da beneficiaria

En cumprimento deste convenio, AESIA adquire os seguintes compromisos:

- a) Destinar os fondos desta subvención municipal á finalidade prevista, que se desenvolverá no exercicio ao que se refire este convenio, e a presentar a documentación xustificativa nos termos que se establecen neste convenio.
- b) Comunicar por escrito e de forma motivada, cunha antelación mínima de dous meses á finalización da actividade obxecto da subvención, calquera modificación dos datos que identifican o proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos previstos, para a súa previa aprobación.
- c) Relacionarse co CONCELLO a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), e a remitir canta documentación dirixa ao CONCELLO ben a través do seu rexistro electrónico, situado na sede electrónica da dita administración ([sede electrónica](#)), ben a través dos restantes rexistros electrónicos ós que fai referencia o artigo 16.4.a) da LPACAP.
- d) Comunicarlle ao CONCELLO, nun prazo máximo de un mes desde que tivese coñecemento da concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, que procedan de calquera outra administración pública, ente público ou privado, nacional ou internacional, que financien estas actividades. Esta comunicación deberase efectuar, en todo caso, antes de xustificar a aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Todas as actuacións desenvolvidas pola AESIA serán obxecto de seguimento polo persoal



técnico municipal, polo que a AESIA someterase, de ser o caso, a todas as actuacións de verificación económica e técnica do CONCELLO para comprobar o cumprimento da lexislación española. A AESIA tamén estará suxeita a calquera outra actuación de comprobación de control financeiro que poidan realizar os órganos competentes (Intervención Xeral Municipal, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas), achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores (artigo 14.1.c da LXS).

- f) Facilitar a documentación necesaria para a adecuada comprobación administrativa e os controis financeiros da subvención concedida.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- h) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- i) Cumprir de forma estrita as disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio.
- j) En todas as accións, comunicacións ou presentacións públicas que deriven da execución do convenio, deberase facer constar de maneira expresa a colaboración que presta o CONCELLO, debendo incorporarse de forma visible o seu logotipo oficial, regulado no Manual de Imaxe Corporativa do Concello da Coruña ([Imaxe corporativa](#)). No caso no que a actividade subvencionada xa se realizase, como permite o artigo 2 da LXS, deberase facer visible nos espazos dixitais (agás que non dispoña deles) e físicos da AESIA, por un tempo mínimo dun ano, desde a concesión da axuda.
- k) A AESIA comprométese igualmente a cumprir coas previsións [da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes](#), a [Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero](#), a [Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia](#), a [Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia](#) e o artigo 42 da [Ordenanza municipal para a igualdade e diversidade do Concello da Coruña](#) (BOP número 204, de 25.10.2019).
- l) A AESIA observará as novas disposicións establecidas en materia de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes pola [Lei orgánica 2/2024, do 1 de agosto \(BOE número 186, do 02/08/2024\)](#).
- m) A AESIA comprométese a cumprir cos restantes deberes impostos pola normativa xeral e municipal en materia de subvencións ás que se fai referencia neste convenio.

Os incumprimentos que afecten tanto á normativa de igualdade, como á Lei orgánica 2/2024, do 1 de agosto, cando resulte aplicable, consideraranse como un incumprimento de deberes formais, dos previstos no artigo 56 apartado c) da LXS.

Sexta. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que deriven das actividades que se recollen na cláusula primeira deste convenio e sexan realizadas pola AESIA entre o día 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, e debidamente pagados pola AESIA antes de que transcorra o prazo establecido na cláusula oitava.



Estes gastos deberán estar efectivamente recoñecidos pola AESIA de acordo co correspondente Plan de Acción Social para o seu persoal.

Sétima. Aboamento da subvención

O aboamento da subvención á AESIA efectuarase mediante un pagamento anticipado polo importe total da subvención, unha vez asinado este convenio e trala tramitación do expediente de gasto correspondente, consonte o previsto no artigo 34.4 da LXS, e no artigo 88 do RLXS.

O aboamento anticipado terá a natureza de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e sen prexuízo da obriga da AESIA de acreditar posteriormente a aplicación dos fondos percibidos á finalidade para a que se conceden, nos termos establecidos neste convenio.

Non será exigible a constitución de garantías consonte o disposto no artigo 42.2 do RLXS, que establece:

“Quedan exonerados da constitución de garantía, agás previsión expresa en contrario nas bases reguladoras:

a) As Administracións Públicas, os seus organismos vinculados ou dependentes e as sociedades mercantís estatais e as fundacións do sector público estatal, así como análogas entidades das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

...

Non se poderá pagar a subvención mentres a AESIA non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de reintegro. Consonte co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o CONCELLO solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento das anteditas obrigas. A sinatura do convenio da subvención implica o consentimento expreso da entidade beneficiaria para estas consultas por parte do Concello.

Oitava. Xustificación

Unha vez que finalice a actividade, ou ben cando AESIA realízase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran tres meses desde o fin da vixencia do convenio, deberá presentar a seguinte documentación, para os efectos da xustificación, que en todo caso deberá incluír todos os gastos e ingresos da actividade, sen que se



poidan nin deban excluír ningún recurso, propio ou alleo, que o financie nin ningún gasto da actividade aínda que os gastos totais sexan superiores á subvención.

- a) Impreso de presentación de solicitude de xustificación cubrindo o modelo correspondente, que inclúe a xustificación das desviacións do balance con respecto ao orzamento, se procede, para comprobar a medida na que se axusta o balance ao orzamento inicial. Neste sentido, o importe da subvención está vinculado ao orzamento total presentado e nunca superará o déficit da actividade. No caso de que o balance reflicta desviacións á baixa con respecto ao orzamento inicial, resolverase o reintegro da achega municipal polo importe que pase do custo total da actividade.
- b) Unha memoria que acredite que a actividade foi realizada nos termos do Plan de Acción Social aprobado para o efecto pola AESIA para o seu persoal.
- c) A relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, número de xustificante de pagamento, data de emisión, importe, concepto e data de pagamento mediante a cobertura do modelo establecido. A orde dos documentos xustificativos que se presenten debe coincidir coa numeración que se estableza en aplicación deste convenio-tipo.

Esta relación acompañarase de documentos probatorios preferentemente con factura, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisitos que establece o artigo 6 do [Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación](#).

Só se admitirán pagamentos en metálico, con carácter excepcional, en facturas de contía inferior a 300 euros. Para xustificar os pagamentos en metálico deberase achegar un recibo no que conste que ao/á emisor/a lle foi satisfeito o importe, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data na que o recibiu, quedando así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

A acreditación xeral da realización do pagamento dos gastos será mediante transferencia bancaria ou domiciliación en conta bancaria, debendo acompañarse a factura do xustificante de pagamento bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Se o pagamento se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais copia del, a maiores do extracto do movemento bancario, que acredite que o/a destinatario/a o fixo efectivo.

Recoméndase que tódolos pagamentos relacionados coa finalidade deste convenio se realicen desde unha única conta bancaria, a titular do cal sexa a propia entidade.

O CONCELLO reserva para si o dereito para comprobar, polos medios que coide oportunos, que a xustificación é correcta, quedando a AESIA obrigada a facilitar canta información lle requira o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para a censura de contas.



Novena. Reintegro

Esixírase o reintegro das cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos seguintes casos:

- a) Obter a subvención falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que puidesen impedir a súa consecución.
- b) Incumprir total ou parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprir a obriga de xustificación ou xustificar de forma insuficiente nos termos establecidos neste convenio.
- d) Incumprir a obriga de adoptar as medidas de difusión contidas neste convenio.
- e) No caso de xustificar fóra do prazo sinalado neste convenio, e tralo requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do RLXS.
- f) Ofrecer resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como incumprir as obrigas contables, de rexistro ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) No caso de concorrer varias subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, reintegrarase o exceso do importe producido.
- h) Nos demais supostos que prevén a LXS e a Ordenanza municipal.

Cando AESIA, dentro do período de xustificación, constate a existencia dun remanente sen executar, poderá efectuar voluntariamente a súa devolución, comunicándoo, con carácter previo, ao Concello. Esta devolución efectuarase conforme o establecido no artigo 44 da Ordenanza municipal.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora das devanditas axudas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, de forma illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo da actividade subvencionada.



Consonte co disposto no artigo 34 do RLXS de ser compatible esta achega con outras subvencións destinadas á mesma finalidade, cando se produza un exceso das cantidades percibidas de distintas entidades públicas con respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre si, a AESIA deberá reintegrar o exceso ás entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. En caso de que o CONCELLO advirta un exceso de financiamento esixirá o reintegro do importe total dese exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, nin o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

Décimo primeira. Publicidade e difusión

O réxime de publicidade desta subvención suxéitase ao disposto no artigo 16 da Ordenanza Municipal.

A difusión das actividades, accións ou proxectos que se financian con cargo a esta subvención adecuarase aos deberes establecidos para a AESIA neste convenio.

Décimo segunda. Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será anual, e computarase desde 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2026.

Décimo terceira. Causas de resolución do convenio

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, este convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por concorrer algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda.
- b) O acordo unánime de ámbalas partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento seralles comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralles ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos danos e perdas causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas Leis.



Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, por proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal se deberá realizar a liquidación destas.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento, vixilancia e control

Conforme o artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público constituirase no prazo de un mes desde a sinatura deste convenio unha comisión de seguimento, vixilancia e control deste.

A composición será paritaria e constará de catro membros: dous representantes da AESIA e dous representantes do CONCELLO, correspondendo a un dos membros do Concello a presidencia con voto de calidade.

As súas funcións serán:

- a) O seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas partes asinantes.
- b) A resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto ao convenio.
- c) A mediación nas discrepancias que se poidan producir na interpretación efectuada por cada unha das partes.
- d) Aquelas outras funcións que resulten necesarias ou convenientes, con acordo das partes, que tendan a unha maior eficacia do convenio.

A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.

A comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos conforme os artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo quinta. Protección de datos

Ámbalas partes comprométense a cumprir co disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos, e en particular, co disposto na [Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais](#).



En canto ao tratamento de datos de carácter persoal relativos a este convenio, o CONCELLO será o responsable do tratamento, sendo AESIA a encargada do tratamento e, como encargada, queda obrigada ao cumprimento das seguintes obrigas:

- a) A tratar unicamente aquela información de carácter persoal necesaria para a correcta execución e finalidade deste convenio.
- b) A non utilizar os datos persoais para fins propios.
- c) A realizar o tratamento de datos conforme as instrucións do CONCELLO.
- d) A levar un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do CONCELLO.
- e) A asistir ao CONCELLO no exercicio dos dereitos por parte das persoas usuarias afectadas polo convenio.
- f) A non comunicar os datos a terceiras persoas ou entidades, agás que conte coa autorización expresa do CONCELLO ou nos supostos legalmente admisibles.
- g) A manter o deber de segredo respecto aos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude deste convenio, mesmo despois de que finalice o seu obxecto, así como a garantir que as persoas autorizadas para tratar os datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes.
- h) A aplicar as medidas técnicas e organizacionais apropiadas para garantir un nivel de seguridade adecuado ao risco.
- i) A notificarlle ao CONCELLO, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo establecido legalmente, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- j) Por elección do CONCELLO, a suprimir ou devolver todos os datos persoais unha vez remate a prestación dos servizos de tratamento, así como calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento. Con todo, AESIA poderá conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.
- k) A pór á disposición do CONCELLO, se for preciso, toda a información acreditativa do cumprimento das obrigas respecto ao encargo do tratamento.

Décimo sexta. Responsabilidade

AESIA sométese ao réxime de responsabilidade e sancionador establecido no título IV da LXS.

Décimo sétima. Natureza do convenio

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas normas previstas na cláusula segunda. As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas consonte co disposto na [Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa](#).

En proba de conformidade, asínase este convenio, na data que figura no seu encabezado, en exemplar duplicado, en presenza da oficial maior do Concello da Coruña.



Polo CONCELLO,

Pola AESIA

A alcaldesa

A presidenta

D^a Inés Rey García

D^a María González Veracruz

A oficial maior do Concello da Coruña

D^a María Esther Álvarez Martínez



ANEXO I

RELACIÓN DE ACTIVIDADES E GASTOS FINANCIABLES CON CARGO Ó CONVENIO

1. No ámbito sanitario, un complemento para a atención sanitaria:

1.1. Odontoloxía, ata 2.200 euros por unidade familiar.

1.2. Oftalmoloxía, ata 250 euros por unidade familiar.

1.3. Otorrinolaringoloxía, ata 1.500 euros por unidade familiar.

1.4. Enfermidade, ata 4.800 euros por unidade familiar.

2. No ámbito da vivenda, un bono para a adquisición de vivenda de ata o 60 % dos xuros e por aluguer ata 500 euros.

3. No ámbito da educación:

3.1. Unha achega económica para escolas infantís de ata 500 euros por fillo/a.

3.2. Unha bolsa de estudos para educación primaria, secundaria e universitaria de ata 550 euros.

3.3. Pór a disposición das persoas interesadas o acceso a cursos de galego, que inclúen faladoiros, parellas lingüísticas, clubs de lectura, talleres e charlas e actividades da cultura galega.